

ACTIVIDADES PARA REALIZAR CO TEXTO O TESOURO DA AMIZADE

Contidos que podes traballar con esta actividade

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**: Bloque 1, 2, 3 e 4.

Área **Coñecemento da contorna**: Bloque 2.

Área Linguaxes: **Comunicación e representación**: Bloque 1, 3 e 4.

FICHA DE LECTURA O TESOURO DA AMIZADE

Neceitaremos

O tesouro da Amizade (Anexo e [ligazón](#)).

Consideracións previas

Con este texto, queremos facer reflexionar o alumnado sobre que aspectos e valores son importantes á hora de **consolidar as nosas amizades**, de facelas auténticas e duradeiras.

Formar e manter amizades saudables implica dar e recibir. Facer saber aos teus amigos e amigas que che importan e que os aprecias pode axudar a fortalecer o vínculo.

A mensaxe que resume o contido é:

Para manter a amizade hai que aceptar ás outras persoas como son, resaltar as súas cousas boas, escoitar, axudar e compartir..

Desenvolvemento

- Ler aos nenos e ás nenas *O Tesouro da Amizade*.
- Unha vez terminada a lectura, reflexionar a partir de preguntas como estas:
 - Que lle gusta á protagonista facer coa súa amiga Daniela?
 - É moi importante demostrar o agarimo, Demostramos aos nosos amigos e amigas que os queremos? Se non é así, debemos facelo?
- Que temos que facer cando nos enfadamos con algunha amiga ou amigo?
- Explicar que é moi importante estar atentos/as ao que lles pasa aos nosos amigos/as para poder axudarlles se o necesitan, animarlles se están tristes, incluír a todos nos xogos e apoiarlles no que necesitan.
 - Fixéstelo nalgunha ocasión? Deixar que conten.
 - Pedirlles que conten exemplos do que lles gusta facer ou o que comparten, cos seus amigos e amigas.



- Para terminar, lembrar o último parágrafo do conto:
**Esta mensaxe debes valorar:
COMPARTIR, QUERERSE e PERDOAR
fan que a AMIZADE sexa de verdade.
E se a coidas... o tesouro máis grande terás!**

Quédavos claro o que quere dicir?

O TESOURO DA AMIZADE

A miña amiga Daniela é moi divertida, xogamos xuntas todos os días.

A miña amiga Daniela pensa moito en min, é moi xenerosa e sabe compartir.

A miña amiga Daniela sabe cales son as miñas cousas favoritas e cando fago algo ben sempre me felicita.

Á miña amiga Daniela quéroa infinito porque me axuda cando o necesito.

A miña amiga Daniela anímame se estou triste e para alegrarme cóntame un chiste.

A miña amiga Daniela sempre me apoia, e se o fago mal, axúdame a mellorar.

A miña amiga Daniela ten un gran corazón e cando nos enfadamos, pedímonos perdón.

A miña amiga Daniela é moi especial, compartimos todo e pasámolo xenial.

Esta mensaxe debes valorar:

COMPARTIR, QUERERSE e PERDOAR
fan que a **AMIZADE** sexa de **VERDADE**.

E se a coidas... o **tesouro máis grande** terás!